

LECTURA

Super PEPO e Mica



¡Empieza outro curso máis! Teño ganas de volver ver a todos os meus amigos e amigas, pero tamén estou un pouco asustado porque empieza unha nova etapa na Escola de Superheroes de Jotam.

A mamá non lle contei nada para non preocupala, pero non puiden durmir case nada esta noite pensando no que me esperaba ao día seguinte. A vós non se vos moven as tripas coma se estivesen dentro dunha lavadora cando vos pondeis nerviosos? A min sempre me pasa.

Cóntovos por que: Os tres primeiros anos na Escola cursamos o Ciclo A (“A” de “Aprender” a ser un Superheroe), ensínannos como é un Superheroe, que debe facer, como debe comportarse... e examínannos para conseguir as capas de cor azul, vermello e verde.

Con todo, agora vén o máis difícil, o Ciclo P (“P” de “Prácticas” de Superheroe). Agora tócanos demostrar, de verdade, todo o que aprendemos e polo en práctica cada día. Se non estamos atentos perderemos as nosas capas e teremos que estudar, de novo, para recuperalas.

Pero se superamos este ciclo, graduarémonos e teremos o noso título de Superheroe de Capa Laranxa, a escala máis alta da Escola.

Por iso estou tan preocupado. Non sei se vou poder conseguilo. Cando o penso... trémenme ata as orellas.

Hoxe é o primeiro día, pero á profe nova iso non lle importou porque xa nos mandou deberes...


- Como sabedes, todo Superheroe debe saber escoitar aos demais para poder axudarlles, esa é unha das materias máis importantes da Escola, pero tamén para aprender deles. Por iso, quero encargavos o primeiro traballo do curso, que se titulará: “Superheroes doutros países do Mundo”.

- ¡Que ben! Pensei. Vou coñecer a historia doutros nenos e nenas que viven lonxe de aquí, seremos moi diferentes?, como serán as súas escolas? as súas capas serán das mesmas cores que as nosas?...

- ¡Como mola! Dixo Ignacio e cando imos irnos de viaxe? A miña curmá unha vez foise a un país que está moi lonxe ¡tivo que montarse nun avión doce horas para chegar!

- Teredes que viaxar, dixo a profesora, pero pondo en práctica todo o que vos ensinaron na materia “O poder da Imaxinación”.

- É verdade seño, dixo Ignacio. Esquecérallame que, coa imaxinación, podemos viaxar onde queiramos e vivir aventuras emocionantes



Ring!! Ring!! O timbre soou. Saímos correndo da clase e no camiño de volta a casa non podía deixar de pensar no traballo.

Tiñamos bastante tempo para preparalo, pero eu, esa mesma noite, cando me metín na cama, concentreime, pechei moi forte os ollos e cando me quixen dar conta xa estaba voando a toda velocidade.

Cheguei ata unha aldeíña onde os camiños eran de terra e as casiñas moi pequenas e había moitos nenos e nenas polas rúas xogando e correndo dun lado para outro, iso foi o que máis me gustou.

De súpeto, fixeime nunha nena morena porque ía cargada cunha chea de leña, era moi delgadiña, tiña os ollos moi grandes e nove anos igual que eu. O seu nome é Mica e desde que coñecín a súa historia, souben que todos os meus amigos e amigas tiñan que coñecela tamén.

Os días pasaron moi rápido e chegou o momento. Hoxe temos que expor os nosos traballos. Tocoume ser o primeiro, menos mal, porque morro de ganas por contarlles a todos o que Mica me ensinou.

Collín moito aire polo nariz, solteino pola boca e empecei a falar:


A súa familia non ten moito diñeiro, o seu papá traballa no campo pero só algunhas tempadas curtas. Mica ten nove anos, como nós, e dous irmáns máis pequenos, Fabián que ten seis e Sara que acaba de nacer.

A súa mamá case non ten forzas para levantarse da cama porque as mamás teñen que alimentarse moi ben para que nós podamos crecer cando estamos dentro da súa tripa e, se non o fan, como lle pasou á mamá de Mica, cando nacemos, elas quedan sen forzas.

Só ten que descansar e comer ben para porse boa, pero para eles é moi difícil conseguilo. Na súa casa non hai unha neveira chea de comida como na nosa e a pouca que teñen débena repartir entre cinco.

Mica ía moi cedo á escola e, ao volver, encargábase de todas as tarefas da casa e de coidar á súa mamá e aos seus irmáns.

Ao seu papá saíronlle algúns traballos pero vían que non era suficiente, así é que ela decidiu saír, cada tarde, a buscar leña ao campo para vendela logo polas casas do pobo e sacar algo máis de diñeiro. Así a súa mamá podería comer e porse forte outra vez para alimentar e coidar da súa irmanciña recentemente nada.



Ao comezar o curso Mica propúxose, ademais, cumprir un dos seus soños: desfilar coa bandeira do seu colexio na Festa da Primavera. Só o conseguiría quen sacando boas notas, fose elixido como mellor compañeiro.

Mica esforzábbase moito porque sabía o importante que era. Se seguía así, levaría a bandeira. Pero, como a súa mamá púxose enferma, ela xa non tiña tempo para facer os deberes e deixou de sacar boas notas. Outros nenos e nenas superárona, pero a súa profesora falou coa clase e explicoulles o que Mica conseguira:

- Aprender o que nos ensinan os libros é necesario, pero escoitar e axudar aos demais o é moito máis. Mica seguiu estudando, pero o máis importante, foi valente e axudou á súa familia cando máis o necesitaba. Creo que é ela a que merece levar a bandeira no desfile da Festa da Primavera.

Todos os nenos e nenas da súa clase estiveron de acordo en que debía ser ela e admirábana polo que fixera.

Chegou o gran día. Mica levaba orgullosa a bandeira e non podía parar de sorrir, pero a súa alegría fíxose máis grande cando entrou na praza e viu como a aplaudían orgullosos a súa mamá e os seus irmáns.

Aos nenos e nenas da miña clase encantoulles a historia de Mica. A profe felicitoume e díxonos:

- É moi importante que coñezamos o que outros Superheroes fan e aprendamos deles. Mica, sen dúbida, é un exemplo a seguir por todos.

- Ademais, -dixen eu-, a súa historia ensínanos a valorar o que temos: aquí podemos alimentarnos ben, as nosas mamás están sas e poden coidarnos, podemos ir ao médico se nos doe algo, ir á escola, estudar e xogar.

Ese día eu tamén saín da escola cun gran sorriso e moi feliz por poder contar a todos os meus amigos e amigas a historia de Mica, agora tamén a coñecían como eu e aprenderamos moitas cousas grazas a ela.

Non sei como se chama a súa academia de Superheroes, pero debe ser das mellores do mundo, porque para que nós consigamos facer o que ela fixo, teríamos que estar estudando ata ser velliños.

¡Ata a próxima aventura futuros Superheroes!



